



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 28/10/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Enseada de San Simón é o espazo natural máis importante que temos en Vilaboa. Está clasificado como Lugar de Interese Comunitario dentro da Rede Natura 2000 e isto conleva que sexa Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. A Enseada de San Simón é o espazo natural máis importante que temos en Vilaboa. Está clasificado como Lugar de Interese Comunitario dentro da Rede Natura 2000 e isto conleva que sexa Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

Nel desenvólvense importantes actividades directamente dependentes da calidade da auga como son o marisqueo e a pesca. A pesar disto, nos últimos anos estamos a ver como é continuo o deterioro das nosas augas interiores sen que as administracións competentes se impliquen na eliminación dos impactos.

Para evitar que esta situación continúe, sería primordial que a Xunta de Galicia contrate dunha vez o Plan de Ordenación da Enseada de San Simón, no que deben participar todos os axentes implicados. Posteriormente e derivado del debería redactar o Plan de Usos e Xestión e debería planificar o aproveitamento do lugar natural como recurso económico da poboación. Este sector é estratéxico para a creación de emprego e débese potenciar tamén en Vilaboa.

Por todo isto o BNG propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro. O Concello de Vilaboa solicitará a Xunta de Galicia a redacción do Plan de Ordenación da Enseada de San Simón.

Segundo. O Concello de Vilaboa porase en contacto cos outros concellos da Enseada de San Simón para traballar conxuntamente para acadar este obxectivo.

Terceiro. Enviar este acordo á Xunta de Galiza e grupos parlamentarios do Parlamento galego.

Vilaboa, 28 de outubro de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA